XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Portos de Galicia

galicia

2ª MODIFICACIÓN DA DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS E USOS PORTUARIOS DO PORTO DE RIANXO

Maio de 2014

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

Índice

1. ANTECEDENTES 3

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE 4

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN 5

3.1. Uso pesqueiro-mexilloneiro 5

3.1.1. Definición 5

3.1.2. Extensión da área 5

3.2. Uso complementario 6

3.2.1. Definición 6

3.2.2. Extensión da área 6

4. ALCANCE E EFECTOS 7

5. RELACIÓN DE PLANOS 8

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 . 2014

1. ANTECEDENTES

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda conferida por Orde de 21 de novembro de 2002, resolveu aprobar o 13/07/2004 o Plan de utilización dos espazos portuarios (en adiante PUEP) do porto de Rianxo (A Coruña), documento que ten por obxecto a definición da zona de servizo do porto que incluirá os espazos de terra e auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios, conforme ao establecido no artigo 96 da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, derrogada na actualidade.

Nos anos posteriores a esta aprobación, o porto de Rianxo foi motivo dunha serie de actuacións, como son a execución das obras de mellora do abrigo da dársena, que comportaron un cambio na xeometría na planta do porto respecto da presentada no PUEP, ou a necesidade de incrementar o número de prazas de atraque para embarcacións náutico-deportivas e reordenar os espazos asignados a este uso para unificar as súas distintas áreas. Estas circunstancias determinaron a necesidade legal de adecuar o documento do PUEP aprobado de acordo co previsto no artigo 97 da Lei 48/2003, de 26 de novembro.

Así, a área de explotación e planificación portuaria do ente público redactou e tramitou o documento de modificación do PUEP do porto de Rianxo. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do vixente Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (Real decreto lexislativo 2/2001, de 5 de setembro, Boletín Oficial do Estado núm. 253 do 20 de outubro de 2011, en adiante TRLPEMM), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, e foi aprobado por Resolución do 06/08/2013 do presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012, converténdose nun anexo do Plan do 13/07/2004 o cal pasou a ter a denominación de

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

Delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo, conforme á Disposición transitoria sexta do mencionado TRLPEMM.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Na lonxa pesqueira de Rianxo, previamente á subhasta, clasifícanse por tamaños os produtos marisqueiros, principalmente moluscos bivalvos, que posteriormente se pesan e se etiquetan. Na actualidade estes traballos se realizan nunha superficie insuficiente a xuízo da confraría de pescadores de Rianxo, concesionario titular do inmoble, quen lle solicitou á Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a ampliación da lonxa do porto.

Por este motivo, o 14 de febreiro de 2014 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en virtude do artigo 11 bis da Lei, 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, solicítalle ao ente público o seu informe preceptivo para poder realizar as obras correspondentes ao proxecto de Ampliación da lonxa de Rianxo (A Coruña), redactado en novembro de 2013. Para esta ampliación, a consellería necesita dispoñer da parcela anexa ao edificio da lonxa, duns 307 metros cadrados.

O director de Portos de Galicia informou favorablemente a ocupación desta futura ampliación coa condición de que se modifique a DEUP en vigor para que a referida parcela anexa estea nunha área de uso compatible, posto que o edificio da lonxa de Rianxo atópase incluído na área de usos pesqueiros-mexilloneiros na DEUP en vigor e, pola contra, a dita parcela pertence a área de usos complementarios ou auxiliares dos anteriores e dos náutico-deportivos.

Polo tanto, de acordo co exposto, o obxecto do presente documento é a proposta de modificación da Delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo para ampliar a área de uso pesqueiro-mexilloneiro en detrimento da do uso complementario no contorno da lonxa do porto. Este documento de modificación, no caso de ser aprobado, incorporarase tamén á DEUP en vigor como un anexo.

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·
800

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Tal como indicamos no apartado anterior, esta modificación da Delimitación de usos de Rianxo ten por obxecto ampliar a área de uso pesqueiro-mexilloneiro en detrimento da asignada ao uso complementario no contorno da lonxa do porto.

Deste xeito, a continuación delimitaremos as novas áreas resultantes e cuantificaremos a súa extensión.

3.1. Uso pesqueiro-mexilloneiro

3.1.1. Definición

É o asignado a aqueles espazos nos que se desenvolve fundamentalmente a actividade pesqueira e mexilloneira do porto incluíndo o desembarco de capturas de pesca fresca, marisco e mexillón dende os buques e a súa posterior manipulación, almacenaxe e comercialización, así como a prestación dos servizos necesarios para as flotas e en xeral calquera actividade necesaria para o mellor funcionamento do sector, é dicir, nos espazos destinados a este uso tamén se poderán incluír aqueles usos complementarios relacionados con el, tal como se definen no apartado seguinte.

3.1.2. Extensión da área

A delimitación establecida na DEUP en vigor comprende os pantaláns que se sitúan no interior da dársena, e que dan servizo a máis de 400 embarcacións. Inclúese tamén dentro deste uso a explanada portuaria situada entre as zonas de actividades complementarias. A dita zona comprende unha das dúas ramplas situadas en dirección perpendicular ao peirao, de dimensións aproximadas 50 m × 15 m. Do mesmo xeito, o peirao en T existente que se dispón en perpendicular ao Paseo Marítimo tamén se adscribe ao uso pesqueiro-mexilloneiro.

Finalmente, como xa dixemos, a área pesqueiro-mexilloneira inclúe tamén o edificio da lonxa, pero só a superficie correspondente á súa proxección en planta xunto á beirarrúa de

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

bordo. A modificación que se propón consiste en asignar a parcela solicitada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a ampliación da lonxa a este uso, engadindo tamén a zona de uso complementario que se estende a continuación ata a área de infraestruturas básicas da vía lonxitudinal portuaria.

A nova superficie asignada ao uso pesqueiro-mexilloneiro é de 10.855 m² e está representada no plano número 2.

3.2. Uso complementario

3.2.1. Definición

De acordo co artigo 72 do TRLPEMM, no dominio público portuario permitiranse os usos complementarios ou auxiliares dos usos portuarios comerciais, pesqueiros e náutico-deportivos, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe, os de acuicultura, e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais cuxa localización no porto estea xustificada pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráficos marítimos que xeran ou polos servizos que prestan aos usuarios do porto.

Polo tanto, nas áreas ás que se asigna este uso se prevé o desenvolvemento de calquera das actividades complementarias ás portuarias necesarias para o correcto funcionamento e desenvolvemento do porto, tales como almacéns, construción e reparación naval e os seus subministros, efectos navais, cetarias, viveiros, instalacións de acuicultura, transformación e manipulación da pesca, avituallamento, comercial e distribución, ocio e hostalería, aparcamento, etc.

3.2.2. Extensión da área

A nova área de usos complementarios coincide coa vixente agás na superficie ao sur da lonxa que lle foi adscrita ao uso pesqueiro no apartado anterior.

A nova superficie asignada ao uso complementario é de 50.917 m² e está así mesmo representada no plano número 2.

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

4. ALCANCE E EFECTOS

O artigo 70 do TRLPEMM determina que se produce unha modificación substancial nunha Delimitación de espazos e usos portuarios dunha instalación cando se modifica a zona de servizo do porto en vigor ou, se a modificación ten lugar dentro da zona de servizo, se produce una alteración significativa dun determinado uso ou usos, sendo aquela a que supoña unha alteración individual o acumulada superior ao 15% da superficie asignada ao uso.

A seguinte táboa mostra as variacións producidas sobre as superficies asignadas aos distintos usos afectados:

USO	DEUP	MODIFICACIÓN	VARIACIÓN	
	S (m²)	S (m²)	S (m²)	%
PESQUEIRO-MEXILLONEIRO	10.309	10.855	546	5,3%
COMPLEMENTARIO	51.463	50.917	-546	1,1%

Nos planos que se xuntan á presente Memoria están reflectidas graficamente as modificacións descritas.

A modificación afecta á variación da superficie destinada a un mesmo uso que, tal como se observa na táboa, non supera o 15% en ningún caso. Trátase, polo tanto, dunha modificación con carácter non substancial, que deberá someterse ao informe das Administracións urbanísticas e ao trámite de información pública, do xeito previsto no artigo 69 do TRLPEMM para a aprobación da Delimitación, se ben o prazo desta información pública será de 15 días.

Por outro lado, en relación á tramitación ambiental, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas comunicoulle a Portos de Galicia o 29/04/2013 que os documentos para a delimitación dos espazos e usos

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·
800

portuarios (DEUP) non están no ámbito de aplicación da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente e, polo tanto, non serán obxecto, en ningún caso, de avaliación ambiental estratéxica.

5. RELACIÓN DE PLANOS

A presente modificación da Delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo componse dos seguintes planos:

1. Plano de usos actual. E 1/2000

2. Plano de usos modificado. E 1/2000

Santiago de Compostela, maio de 2014

O enxeñeiro de camiños, canais e portos
Xefe do dep. de planificación portuaria

Andrés D. Cervantes Refojos

A enxeñeira de camiños, canais e portos
Xefa da área de explotación e planificación portuaria

Ana Isabel Calzadilla Bouzón

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·
800